

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA



ASEMBLEA EXTRAORDINARIA
ANO 2024

ÍNDICE

CAPÍTULO I : DENOMINACIÓN, DURACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO E PERSONALIDADE

Artigo 1.- Denominación.....	3
Artigo 2. -Domicilio.....	3

CAPITULO II :DA PERSONALIDADE,DOS VALORES E OS FINS SOCIAIS

Artigo 3.- Personalidade e ámbito.....	3
Artigo 4.- Misión.....	3
Artigo 5.-Visión.....	3
Artigo 6.- Principios e valores.....	3
Artigo 7.- Fins.....	4

CAPITULO III: DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 8.- Tipos de persoas socias.....	6
Artigo 9.- Procedemento de admisión.....	7
Artigo 10.- Ingresos e baixas.....	8

CAPÍTULO IV: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO: ASEMBLEA XERAL, XUNTA DIRECTIVA E DELEGACIÓNS LOCAIS

Artigo 11.-Dereitos das persoas socias.....	8
Artigo 12.-Obrigas das persoas socias.....	8
Artigo 13.- Baixa por incumprimento de asistencia.....	9
Artigo 14.- Baixa por impago de cotas.....	9
Artigo 15.- Órganos de goberno.....	10
Artigo 16. -As atribucións da Asemblea Xeral.....	10
Artigo 17.- Convocatoria.....	11
Artigo 18.- Formas de convocatoria.....	11
Artigo 19.- Votación.....	12
Artigo 20.- Xunta directiva.....	13
Artigo 21.- Composición da xunta directiva.....	13
Artigo 22. - Atribucións da Xunta Directiva.....	14
Artigo 23.- Funcionamento da Xunta Directiva.....	15
Artigo 24.- Funcións das delegacións.....	15



CAPÍTULO V: DA PRESIDENCIA, VICEPRESIDENCIA, SECRETARÍA, VICESECRETARÍA, TESOURARÍA E VOCALÍAS

Artigo 25.-Presidencia.....	16
Artigo 26.-Secretaría.....	16
Artigo 27.- Visecesecretaria.....	17
Artigo 28.- Tesourería.....	17
Artigo 29.- Vocalías.....	17
Artigo 30.- Substitucións.....	17
Artigo 31.-Censores de contas.....	17
Artigo 32.- Sinatura dixital.....	17

CAPÍTULO VI :RECURSOS ECONÓMICOS, ORZAMENTOS E MEMORIA

Artigo 33.....	18
Artigo 34.....	18
Artigo 35.....	18
Artigo 36.....	18
Artigo 37.....	18
Artigo 38.....	18

CAPÍTULO VII :DISOLUCIÓN

Artigo 39.....	19
Artigo 40.....	19
Artigo 41.....	19
Artigo 42.....	19

<u>DILIXENCIA</u>	20
<u>ANEXO</u>	21



CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, DURACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO E PERSONALIDADE

Artigo 1.- Denominación

Ao amparo da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo do dereito de asociacións e na Lei 49/2002 de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, coa denominación de "Asociación Galega de Hemofilia" constitúese por tempo indefinido, unha Asociación de ámbito autonómico, sen fins lucrativos nin carácter político algún, que se rexerá polos presentes Estatutos e as disposicións legais vixentes na materia.

Artigo 2.-Domicilio

O seu domicilio establécese en Vigo, na Rúa doutor Carracido 128 Baixo, na sede de Agadhemo.

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuacións, e de cantos lugares considere axeitados para o normal desenvolvemento de Agadhemo. O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

CAPITULO II

DA PERSONALIDADE, DOS VALORES E OS FINES SOCIAIS

Artigo 3.- Personalidade e ámbito

A Asociación que se constitúe e regula, ten personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, polo que, tanto a Asociación como as súas Delegacións Locais, estas últimas coa autorización da primeira, poderán realizar e celebrar toda clase de actos e contratos en calquera lugar do seu ámbito xeográfico.

Artigo 4.- Misión

A asociación ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con hemofilia e outras coagulopatías en tódolos ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas. Contribuír ao coñecemento, estudo e investigación sobre hemofilia e outras coagulopatías, así como promocionar e levar a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a situación das persoas con estas doenzas e outras patoloxías análogas, así como as súas familias.

Artigo 5.-Visión

A asociación ten como visión un entidade e un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas ao grupo social de persoas con hemofilia e outras coagulopatías así como as súas familias.

Artigo 6.- Principios e valores

A asociación defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gobernamental, de carácter voluntario.

AGADHEMO basea a súa actuación en seguintes principios e valores como:

1. Democracia interna.
2. Solidariedade entre os seus membros.
3. O Impulso da participación dos seus membros en tódalas súas actuacións.
4. A Transparencia e publicidade na xestión e na actuación fronte ás súas persoas socias.
5. A Defensa das necesidades xerais por riba de intereses particulares.
6. A defensa do grupo social como titular de dereitos, evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.
7. Traballo en rede ,favorecendo a busca de colaboracións, alianzas, convenios, redes de cada a atopar os apoios necesarios na sociedade para mellorar a situación do colectivo.

Os valores que AGADHEMO propugna son a consideración das persoas con hemofilia e outras coagulopatías como suxeitos e suxeitas titulares de dereitos e deberes, a calidade na súa actuación, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, e o compromiso polo conxunto do grupo de persoas con discapacidade en xeral.

Artigo 7.- Fins

Os fins desta Asociación, que poderán ser perseguidos en coordinación coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), son os seguintes:

7.1.-Impulsar e promover toma de conciencia por parte da sociedade, organismos e institucións, dos problemas que suscitan a Hemofilia e outras coagulopatías , en especial daqueles que teñan relación coas necesidades das persoas con hemofilia e outras coagulopatías, tanto desde o punto de vista médico-sanitario como social, educativo e profesional, fomentando as accións e medidas que procedan para o seu máis adecuado tratamento.

7.2.-Promover a afiliación á Asociación das persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, con deficiencias dos factores anti-hemofílicos ou outros factores conxénitos da coagulación, así como das posibles persoas portadoras ou transmisoras, procurando o control permanente do grupo, desde o punto de vista dos descendentes.

7.3.-Preocuparse pola adecuada educación tanto das persoas portadoras da deficiencia como das súas familias, con respecto á prevención e tratamento das persoas enfermas e do seu capacitación social, educativa e profesional.

7.4.-Realizar as xestións oportunas conducentes a obter a colaboración cos fins da Asociación dos servizos médicos especializados ,centros de ensino e formación profesional ,organismos e institucións, empresas e en xeral cantos poidan contribuír directa ou indirectamente á atención das persoas con hemofilia e outras coagulopatías e aos fins desta Asociación.

7.5.-Promover a integración, creación, e promoción de centros laborais, educativos, ocupacionais e profesionais, incluídos os centros especiais de emprego.





Dito fin realizarase en todo caso segundo as liñas de actuación, obxectivos e prioridades contidas no Plan Director de Cooperación para o Desenvolvemento e nos plans anuais que o desenvolvan na Comunidade Autónoma Galega.

7.10.-A realización de programas e actividades, así como a creación de seccións específicas dirixidas a grupos sectoriais dentro da propia discapacidade, como poden ser os grupos de mozos e mozas, mulleres, ou calquera outro en risco de exclusión social.

7.11.-Programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.

7.12.- Promover campañas de difusión e información da hemofilia e outras coagulopatías entre a poboación xuvenil afectada, á búsqueda dunha mellor integración social que favoreza a súa calidade de vida.

7.13.- Promover e financiar as actividades que os socios e socias xuvenís previstos no artigo 5.1 realicen dirixidas a obter mecanismos que fagan máis compatible o tratamento da hemofilia e/ou outra coagulopatía co seu tempo de lecer, a súa etapa formativa e a laboral.

7.14.- Promover iniciativas e alternativas á institucionalización das persoas asociadas, favorecendo a utilización dos recursos dispoñibles no seu entorno e na propia comunidade de residencia.

7.15.- Promover iniciativas que garanten impulsen o desenvolvemento rural e que permitan as persoas asociadas poder acceder e/ou manterse neste entorno, en igualdade de oportunidades co resto da poboación.

CAPITULO III **DAS PERSOAS ASOCIADAS**

Artigo 8.- Tipos de persoas socias

As persoas asociadas poderán pertencer a unha das seguintes clases: persoas socias de número, colaboradoras e honorarias.

8.1.-Serán persoas asociadas de número todas aquelas , maiores de idade, con capacidade de obrar e non suxeitos a ningunha condición para o exercicio do dereito, que estando comprendidos no artigo 7.2 dos presentes estatutos, se afilien á entidade, por decisión propia. Tamén poderán ser socias e socios as menores non emancipados de máis de catorce anos co consentimento, das persoas que deban suplir a súa capacidade, sendo representados por estes últimos. Estas persoas terán a condición de socio ou socia xuvenil.

No caso de tratarse de persoas maiores de idade ou menores emancipadas que precisen dalgún sistema ou medida de apoio para adquirir e ostentar a condición de “persoa socia”, ostentarán por si mesmas esta condición, se ben deberán concorrer xuntamente cos apoios que en cada caso concreto resulten precisos e/ou, de ser o caso, contar coa asistencia daquelas persoas que exerzan e teñan atribuídas funcións de carácter representativo.



A solicitude de afiliación implica o coñecemento dos Estatutos da Asociación e o compromiso de respectalos e cumprilos. Para afiliarse deberá dirixirse ben directamente ou a través de Delegacións provinciais ou locais, se as houber.

8.2.-Poderán ser persoas asociadas colaboradoras, todas aquelas as persoas naturais ou xurídicas que de modo ocasional ou regular axuden á Asociación á realización dos seus fins.

8.3.-Serán persoas asociadas honorarias, aquelas as persoas que fundaron a Asociación, así como a actual Presidencia da Federación Española de Hemofilia. Igualmente poderán selo as persoas ou entidades que se signifiquen especialmente na axuda e colaboración aos fins da Asociación e así sexan nomeados pola Asemblea xeral, a proposta da Xunta Directiva.

8.4.- As persoas socias de honra e colaboradoras terán as mesmas obrigacións que as persoas socias de número fóra diso os recollidos nos apartados 12.2 e 12.5 do art. 12 dos presentes Estatutos; Así mesmo terán os mesmos dereitos fóra diso os referidos nos apartados 11.3 e 11.4 do art. 11, pero podendo asistir ás Asembleas sen dereito de voto.

Artigo 9.- Procedemento de admisión

O procedemento de admisión das persoas socias realizarase mediante solicitude escrita ou comunicación da persoa interesada dirixida a Secretaría da asociación e a presentación da documentación esixida.

De ser o caso, deberá indicar se precisa de algún sistema de apoio para exercer a condición de persoa socia, sinalando o tipo de apoios en cuestión. No caso de que para o exercicio da condición de persoa socia precisara da asistencia de garda de feito / defensa xudicial / curador ou curadora con funcións representativas deberá identificar o nome da persoa que a exerce ou ten atribuída esta función e achegar o correspondente documento acreditativo desta circunstancia.

Xunto coa solicitude debera acompañar a seguinte documentación:

- Acreditación da identidade.
- Acreditación ter recoñecido a consideración de persoa con coagulopatía por un facultativo (nos casos en que proceda).
- No caso de que para o exercicio da condición de persoa socia precisara da asistencia de garda de feito / defensa xudicial / curador ou curadora con funcións representativas deberá achegar o correspondente documento acreditativo desta circunstancia.
- No caso das persoas socias menores incluídas no artigo 8.1 copia do documento que acredite a representación legal da persoa menor de idade non emancipada ou da persoa maior de idade que teña limitada a súa capacidade para adquirir e ostentar a condición de persoa socia por si mesma.

A Xunta directiva poderá solicita-la ampliación da documentación que considere necesaria.



Artigo 10.- Ingresos e baixas

O ingreso na asociación como persoas socia da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal ou estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá resolverse sen a audiencia da parte interesada

Calquera persoa asociada pode renunciar á súa condición, deberá facelo por escrito dirixido a Secretaría da Asociación.

Artigo 11.- Dereitos das persoas socias

Son dereitos das persoas socias de número:

11.1.-Gozar dos beneficios, asesoramento e asistencia social que a Asociación facilite as seus persoas asociadas.

11.2.-Participar nos programas e actividades da Asociación.

11.3.-Elixir e ser electos para os cargos da Asociación.

11.4.-Asistir ás sesións da Asemblea Xeral con dereito a voz e voto.

11.5.-Propoñer a admisión de novas persoas socias.

11.6.- Recibir e pedir información sobre as actividades da Asociación.

11.7.-A recibir información acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

11.8.- A ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el/ela e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña sanción.

11.9.- A impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á Lei ou os Estatutos.

11.10.- Todos os que poidan corresponder por derivarse así destes Estatutos ou acordos dos Órganos de Goberno da Asociación.

Artigo 12.- Obrigas das persoas socias

Son obrigacións das persoas asociadas de número:

12.1.-Cumprir estes Estatutos e os acordos da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

12.2.-Desempeñar debidamente os cargos para os que fosen elixidos/as, se os aceptan.

12.3.-Asistir persoalmente o por medio de representación ás sesións para as que foron convocados da Asemblea Xeral ou da Xunta directiva.

12.4.-Contribuír á consecución de fins da Asociación e á execución dos programas e actividades dos seus Órganos de Goberno.

12.5.-Abonar as cotas de persoa asociada e/ou calquera outro tipo de cargas que se acorden en Asemblea Xeral.

12.6.- A ser escoitado ou escoitada con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra a propia persoa e a seren informados ou informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.

O incumprimento destas obrigacións poderá ser sancionada, pola Asemblea Xeral, coa perda da condición de persoas asociada, a proposta da Xunta Directiva.

Toda persoa asociada que perda a condición de tal por sanción, motivada polo incumprimento das súas obrigacións estatutarias, precisará para a súa reincorporación como membro desta Asociación, o acordo favorable da Asemblea Xeral aprobado por maioría cualificada.

Artigo 13.- Baixa por incumprimento de asistencia

O incumprimento do deber de asistencia (art.12.3) a dúas reunións consecutivas da Asemblea Xeral ordinaria ou extraordinaria, poderá ser sancionada pola Xunta Directiva coa suspensión da condición de persoas asociada durante un prazo de un a tres meses. O incumprimento reiterado do deber de asistencia, poderá motivar a perda da condición de persoas asociada por acordo da Asemblea Xeral.

En todos os casos, a suspensión da condición de persoa asociada implica a perda temporal dos dereitos recollidos nos presentes estatutos, pero se mantén o deber de cumprir as obrigacións recollidas nos mesmos.

Artigo 14.- Causas de baixa

14.1 Todos aquelas persoas socias que non se atopen ao día no pago das cotas societarias ou de calquera outra carga acordada pola Asemblea Xeral, poderán ser sancionadas, por decisión da Xunta Directiva, coa suspensión da condición de persoa asociada durante un prazo de un a seis meses. Se ao requirimento de pago, efectuado pola Asociación, non abonase as cantidades adebedadas no prazo de cinco días, a Xunta Directiva poderá propoñer a perda da súa condición de persoa asociada, causando baixa nesta Asociación por acordo da Asemblea Xeral.

En calquera caso, as persoas socias que non se atopen ao día no pago das súas cotas societarias ou calquera outra carga acordada pola Asemblea Xeral, non poderán exercer o seu dereito de voto nin de asistencia a devanditas Asembleas, xa sexan ordinarias ou extraordinarias; non existindo polo tanto obrigación de convocalos ás mesmas.

14.2 .-As causas ou disposición legais poden levar aparellada a perda da condición de persoa socias.

14.3.-Desenvolver actuacións prexudicial e graves para os intereses da asociación, non pór á disposición da asociación a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno e utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas en xeral, e en particular das persoas con Hemofilia e/ou outra coagulopatía, e/ ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.



14.4.-Todas as causas de expulsión constarán, debidamente acreditadas, no correspondentes expedientes, que non poderán resolverse sen a audiencia da parte interesada.

CAPÍTULO IV

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO: ASEMBLEA XERAL, XUNTA DIRECTIVA E DELEGACIÓNS LOCAIS

Artigo 15.- Órgãos de governo

Son órganos de goberno da Asociación, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral estará constituída pola totalidade dos socios e socias e é o órgano supremo da Asociación, ao que corresponde fixar as liñas xerais de actuación e a política de realizacións e obxectivos. Poderase invitar a formar parte da mesma a aquelas persoas que os órganos de goberno da mesma estimen de interese por canto poidan aportar consello ou apoio aos fins da Asociación. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias ou extraordinarias.

A Xunta Directiva é o órgano executivo e responsable da realización dos programas e actividades aprobados pola Asemblea Xeral. Para o mellor exercicio das súas funcións, poderán nomear, renovar e cesar a persoas Delegadas provinciais e locais.

Artigo 16. -As atribucións da Asemblea Xeral

16.1.- Ordinaria

a).-Aprobar, no seu caso a xestión da Xunta Directiva.

b).-Coñecer e aprobar ou non, a Memoria-Informe anual dos traballos que lle rendan os Órganos de Goberno da Asociación, así como examinar e aprobar as contas anuais e os proxectos e programas de actividades e as liñas de actuación.

c).-Oír e resolver as reclamacións que se presentan en contra dos órganos de goberno da Asociación ou das súas xestións e tarefas.

d).-Tomar aqueles acordos referentes á boa marcha da Asociación e o cumprimento dos seus fins.

e).-Acordar o nomeamento de persoas socias de honra e colaboradoras a proposta dos Órganos de Goberno da Asociación.

f).-Aprobar e autorizar a readmisión como persoa asociada daquelas persoas que, con motivo do incumprimento das súas obrigacións estatutarias, sexan sancionadas coa perda da condición de asociada.

g).- Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.

h).- Acordar a remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación.

16.2.- Extraordinaria.

- a).- Aprobar a modificación dos Estatutos.
- b).- Elixir aos membros da Xunta Directiva, coñecer as súas renuncias e cesalos dos seus cargos.
- c).- Acordar a disolución da Asociación.
- d).- Acordar a expulsión de persoas socias, a proposta da Xunta Directiva.
- e).- A constitución de federacións ou a integración nelas.

Artigo 17.- Convocatoria

A Asemblea Xeral ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da Presidencia, cando a xunta directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte das persoas asociadas.

A fin de facer efectiva a modalidade de convocatoria da Asemblea Xeral a instancia das persoas socias á cal se refire o parágrafo anterior, a persoa socia promotora da iniciativa deberá:

1. Dirixir escrito de solicitude inicial á Secretaría da entidade a cal procederá a difundir entre todas as persoas asociadas con dereito a voto a iniciativa invitándoas a contactar coa persoa promotora (aos efectos de que esta poida reunir a porcentaxe mínima requirida para este tipo de convocatorias).
2. Unha vez recompilados os apoios precisos a persoa socia promotora remitirá a solicitude á Secretaría a cal deberá convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo máximo dun mes.

Artigo 18.- Formas de convocatoria

A Asemblea Xeral constituirase validamente en primeira convocatoria, coa presenza da metade mais un das persoas asociadas con dereito a voto, presentes ou representadas, en caso de non alcanzarse o quórum requirido, reunirse en segunda convocatoria unha hora máis tarde, constituíndose entón a asemblea efectuarase a través de carta ordinaria ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria, remitida con quince días de antelación, debendo constar a Orde do día dos asuntos a tratar.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente:

- Mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación dos asistentes e a permanente comunicación entre eles.
- Mediante un sistema mixto que combine a modalidade presencial coa telemática



Corresponde a Presidencia apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a estes modos excepcionais de celebración. Nestes casos a convocatoria deberá cumprir os mesmos requisitos formais que se establecen para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- Todas as persoas socias que desexen participar na asemblea de forma telemática teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algún.
- Quede debida constancia da identidade de todas aquelas persoas asistentes que participen en la Asemblea de forma telemática. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo da persoa socia en cuestión teña a Secretaría da entidade, ou por exhibición a través da cámara web dun documento de identificación.

A fin de poder verificar o cumprimento do requisito relativo á dispoñibilidade de medios técnicos por parte de aquelas persoas socias que desexen participar na Asemblea de xeito telemático, na convocatoria se lles requirirá para que cando confirmen a súa asistencia/participación se pronuncien sobre este extremo. No suposto de que as persoas socias manifestasen a súa non dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios e non resultase posible proceder a subsanar dita carencia a Presidencia acordará a celebración da Asemblea ben en modalidade presencial, ben en modalidade mixta, efectuando ao efecto una nova comunicación se fose necesario.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre a persoa socia e a entidade, a Presidencia procederá a declarar a suspensión da asemblea comunicando as asistentes a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa Orde do Día proposto, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.

Artículo 19.- Votación

Todos os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría de votos persoa asociada de número presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Non obstante, será necesario en todo caso o voto favorable da metade máis un das persoas socias presentes ou representadas, para os acordos relativos a disolución da Asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenación dos bens, solicitude do título de Asociación de Utilidade Pública; así como nos demais casos referidos nos presentes estatutos.

A persoa asociada de número poderá delegar a súa representación noutra socia de número, mediante carta dirixida a Presidencia da Asociación, na que haberá de expresarse a Asemblea concreta para a que a delegación se outorgue, a cal deberá ser presentada dúas horas antes da fixada na convocatoria para a celebración da Asemblea.

Tal representación outorgarase de acordo co modelo que se sinala no Anexo I dos presentes Estatutos.

Artigo 20.- Xunta directiva

A Xunta Directiva estará integrada por persoas que ostenten a condición de asociadas, designadas pola Asemblea Xeral, como candidaturas máis votadas. O mandato durará catro anos sendo posible a reelección.

Se esgotou o prazo para o que foron elixidas, continuasen ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que lles substitúen.

As persoas membro da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á o Xunta directiva, por incumprimento das obrigacións que tivesen encomendadas e por expiración do mandato.

No caso de producirse a metade máis unha de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas no prazo máximo de corenta e cinco días.

Mentres o número de baixas non sexa superior a metade máis un, as persoas membro cesantes, serán reemprazadas na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 21.- Composición da xunta directiva

A Xunta Directiva estará formada, por unha Presidencia, unha Vicepresidencia, unha Secretaría, unha Vicesecretaría, unha Tesouraría e un mínimo de dúas vogalías. A Asemblea Xeral poderá designar directamente unha Presidencia de Honra. A efectos funcionais e de distribución de tarefas poderán crearse as Comisións de Traballo que se estime oportunas, ás cales poderán adscribirse como colaboradores/as, as persoas que se considere de interese. A Xunta Directiva poderá contar coa asistencia das persoas que estime convenientes como asesoras da mesma.

Con obxecto de coñecer máis de cerca a problemática da hemofilia e/ou outras coagulopatías na poboación máis nova, a Xunta directiva poderá contar con unha persoa socia xuvenil de máis de catorce anos e menos de 18 anos previsto no artigo 8.1. que participará nas xuntanzas da xunta directiva con voz pero sen voto.

21.1.-Os cargos da Xunta Directiva non serán remunerados, no obstante estarase ao disposto no art. 11.5 e o artigo 32,1 apartado c) da Lei 1/2002, sendo incompatibles devanditos cargos con intereses empresariais ou de servizos, xa sexan en nome propio, de familiares ou doutra índole, que supoñan unha contradición cos fins establecidos nos presentes estatutos.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas membro poderán recibir unha retribución adecuada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como persoas membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

No caso de prestar servizos para a entidade persoas con relación de parentesco por sanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, das persoas membro dos órganos de



gobierno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

Artigo 22. - Atribucións da Xunta Directiva

As atribucións da Xunta Directiva son as seguintes:

22.1.-Cumprir e facer que se cumpran os Estatutos.

22.2.-Executar os acordos da Asemblea Xeral e tramitar os asuntos ordinarios que se presenten ao seu coñecemento.

22.3.-Convocar as reunións ordinarias ou extraordinarias da Asemblea Xeral e fixar as datas da súa celebración. A convocatoria para as extraordinarias faraa a Xunta Directiva cando ela mesma o dispoña por maioría de votos dos seus integrantes ou cando o pidan por escrito un mínimo do dez por cento das persoas socias de número.

22.4.-Desenvolver e poñer en execución os programas da Asociación, aprobados e ordenados pola Asemblea Xeral.

22.5.-Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.

22.6.-Designar as comisións e representacións que deba nomear a Asociación.

22.7.-Conferir poderes especiais a Presidencia ou a outra persoa membro para a realización ou representación en actos ou xestións determinadas que así o esixan.

22.8.-Propoñer o nomeamento de persoas socias de honra ou calquera outra distinción a aquelas asociadas, persoas ou entidades que, polo seu traballo ou axuda á Asociación, quíraselles conferir un recoñecemento expreso. Así como resolver sobre a admisión de novas persoas socias.

22.9.-A adquisición de toda clase de bens así como a aceptación de donativos, subvencións ou legados.

22.10.-Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.

22.11.-Establecer as relacións máis adecuadas cos órganos da Comunidade Autónoma e a Administración e moi especialmente coa Seguridade Social, en orde ao cumprimento dos fins da Asociación.

22.12.-Nomear e remover representantes provinciais e locais, os cales actuarán como persoas Delegadas da Xunta Provincial.

Nomear e remover ao persoal asalariado necesario para o mellor cumprimento dos fins da Asociación.

22.13.-Acordar a imposición de sancións aos asociados/as polo incumprimento das súas obrigacións estatutarias, así como las demais funcións que lle atribúan os presentes estatutos e calquera outra que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Xeral.



Artigo 23.- Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirase, como mínimo, dúas veces ao ano e extraordinariamente cada vez que se estime necesario pola Presidencia ou cando se solicite por escrito por dous dos seus membros.

As convocatorias deberán facerse por escrito da Secretaría, en nome da Presidencia, e irán acompañadas pola Orde do día. Salvo en caso forza maior, a convocatoria farase cunha antelación de polo menos seis días. Non será necesario o cumprimento do anterior prazo nin ningún outro requisito, para que se entenda lexitimamente reunida a Xunta Directiva, cando estando presentes a totalidade dos seus membros, acorden por unanimidade a reunión.

Para que a Xunta Directiva quede validamente constituída será necesaria a presenza da metade máis un dos membros que a integran e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate o voto da Presidencia será de calidade.

Con carácter excepcional, sempre que así o decida a Presidencia ou o soliciten, polo menos, dúas das persoas membro do órgano, os acordos da Xunta Directiva da entidade poderán adoptarse mediante votación telemática por escrito e sen sesión. Nestes casos dende a Secretaría da entidade enviarase a cada unha das persoas membro do devandito órgano un correo electrónico no que expresará de forma clara a cuestión sometida a votación e indicará o prazo no que as persoas integrantes do órgano haberán de manifestar o seu voto, non podendo ser o mesmo inferior a 24 horas. No devandito envío á Secretaría incluirá, se fora o caso, aqueles documentos que puidesen resultar de utilidade para que as persoas membro do órgano de dirección poidan formar o seu criterio e decidir sobre o asunto sometido a votación.

O disposto no Artigo 18 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática e /ou mixta das asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.

Artigo 24.- Funcións das delegacións

As funcións e cometidos das Delegacións provinciais e Locais serán as que lle encomende a Xunta Directiva, en especial as seguintes:

24.1.-Promover o coñecemento dos fins da Asociación e a afiliación das persoas con hemofilia e outras coagulopatías existentes na zona xeográfica correspondente.

24.2.-Ser canle e portavoz ante os Órganos de Goberno da Asociación, dos problemas e aspiracións das persoas socias de número, coidando de levar á práctica as accións sociais que se lles confíen.



CAPÍTULO V

DA PRESIDENCIA, VICEPRESIDENCIA, SECRETARÍA, VICESECRETARÍA, TESOURARÍA E VOCALÍAS

Artigo 25.-Presidencia

Con independencia das funcións e atribucións que a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva acordেন delegar na Presidencia da Asociación, serán funcións da Presidencia:

25.1.-Representar á Asociación do xeito máis amplo e eficaz.

25.2.-Autorizar co seu visto bo as convocatorias para reunións da Asemblea Xeral ou Xunta Directiva, presidir e dirixir as súas reunións.

25.3.-Coidar da boa marcha da Asociación, con arranxo ás normas, criterios de actuación, programas de obxectivos, e actividades determinadas pola Asemblea Xeral; A tal fin poderá adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

25.4.-Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.

25.5.- A Vicepresidencia substituirá a Presidencia en ausencia desta, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións.

No caso de substitución definitiva, esta será ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Artigo 26.-Secretaría

A Secretaría será a executora responsable dos acordos da organización interna da Asociación, e das súas actividades representativas, así como dos traballos administrativos e de xestión diaria.

A Secretaría Xeral exercerá as súas actividades dentro dos límites establecidos na Xunta Directiva e en contacto directo coa Presidencia ou con quen en calquera momento o substitúa. Especialmente terá as seguintes funcións:

26.1.-Actuar de Secretaría nas reunións da Asemblea Xeral e de calquera comisión de traballo que puidese crearse.

26.2.-A planificación, programación e execución dos proxectos e dos acordos da Xunta Directiva.

26.3.-A selección, contratación, dirección e responsabilidade no traballo das persoas empregadas que puidesen ser necesarias para as oficinas da Asociación, de conformidade cos criterios e normas que a estes efectos lle sinale a Xunta Directiva. Con carácter preferente os posibles postos, serán cubertos con persoas asociadas de número.



26.4.-Manter contacto con todas a Delegacións Locais da Asociación para coñecemento dos seus problemas, suxestións e realizacións, dando traslado a Presidencia e informando nas reunións da Xunta Directiva.

26.5.- Levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de persoas asociadas, custodiará a documentación da entidade e velarase polo cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente corresponda.

26.6.- Expedirá as certificacións das actas e documentación da entidade.

Artigo 27.- Vicesecretaría

A Vicesecretaría substituirá a Secretaría en ausencia desta, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións.

Artigo 28.- Tesourería

A Tesouraría da Asociación terá responsabilidade directa da administración e emprego dos fondos pertencentes á Asociación, coidando da correcta contabilidade de todos os ingresos e gastos que se produzan, o inventario de todos os bens propiedade da Asociación e dar cumprimento das ordes de pago que expida a Presidencia.

Artigo 29.- Vogalías

As Vogalías terán as obrigacións propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 30.- Substitucións

As vacantes que puidesen producirse durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 31.- Censores de contas

A Asemblea Xeral elixirá dous censores de contas que anualmente revisarán o resultado económico da Asociación.

Artigo 32.- Sinatura dixital

As persoas integrantes dos distintos órganos de goberno previstos nestes estatutos poderán dispoñer dunha sinatura dixital vencellada á entidade que lles permita acometer o exercicio daquelas funcións que teñan estatutariamente encomendadas con plena garantía de autenticidade respecto á expresión da súa vontade e consentimento, así como da integridade e inalterabilidade dos propios documentos asinados.

Par exercer calesquera outras funcións que excedan das que estatutariamente se teñan atribuídas será precisa autorización expresa a través de acordo de apoderamento notarial, previamente aprobado pola xunta directiva.

Todas as persoas da organización que teñan autorizado o exercicio de determinadas funcións a través destes acordos de apoderamento notarial, poderán solicitar a sinatura dixital para o exercicio das funcións así outorgadas.



CAPÍTULO VI

RECURSOS ECONÓMICOS, ORZAMENTOS E MEMORIA

Artigo 33.- A Asociación dispoñerá dunha relación actualizada das persoas asociadas, levará unha contabilidade que permita obter unha imaxe fiel do seu patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun libro as actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 34.- A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, todos os beneficios das súas actividades empresariais tanto propias como participadas, destinaranse na súa totalidade a incrementar os medios que faciliten os obxectivos que se impuxo.

Artigo 35.- A Asociación no momento da súa fundación carece de patrimonio.

Para cumprir os seus fins servirase dos seguintes medios e recursos:

35.1.- Das achegas dos seus socios e socias de número.

35.2.- Dos donativos que aportan as persoas socias colaboradoras e honorarias.

35.3.- Das subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte das persoas asociadas ou de terceiras persoas.

35.4.- Das achegas que a Federación Española de Hemofilia lles adxudique.

35.5.- Dos rendementos ou froitos dos seus propios bens.

35.6.- Calquera outro recurso lícito.

Artigo 36.- De acordo cos plans de traballo e actividades a desenvolver e as previsións de ingresos, a Xunta Directiva confeccionará o orzamento anual de gastos, que deberá ser aprobado en Asemblea Xeral.

No orzamento de gastos preveranse as axudas precisas para o funcionamento e actividades da Asociación.

Artigo 37.- Para a autorización de gastos e o movemento de fondos con cargo ao orzamento, serán recoñecidas as firmas conxuntas da Presidencia, a Vicepresidencia e da Tesouraría designada ao efecto.

Para o movemento de fondos con cargo aos orzamentos da Asociación, estableceranse en cada caso as normas que procedan pola Xunta directiva.

Artigo 38.- A Xunta Directiva redactará unha Memoria Anual na que se reflectan todas as actividades e traballos da asociación, así como o movemento económico, balance, e estado de contas para a súa aprobación ou reparos pola Asemblea Xeral. O exercicio asociativo e económico será anual e a súa pechadura terá lugar a 31 de decembro de cada ano.



CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN

Artigo 39.-A Asociación disolverase por vontade da maioría cualificada das persoas asociadas presentes ou representadas, expresada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto, así como polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil e por sentenza xudicial firme.

Artigo 40.-En devandita sesión extraordinaria da Asemblea Xeral, presentarase un informe pormenorizado dos antecedentes e razóns en que se funda a petición. A disolución soamente poderá suscitala a Xunta Directiva ou un número non menor da metade máis un do total das persoas asociadas de número, en escrito motivado e dirixido a este último órgano, o cal realizará os estudos pertinentes para o caso concreto e convocará a Asemblea Xeral.

Artigo 41.- Tras acordar a disolución, a Asemblea Xeral procederá ao nomeamento da Comisión de liquidación composta por tres persoas e determinará o destino do patrimonio resultante, que será na súa totalidade a formar parte dunha entidade declarada de utilidade pública ou outro tipo de institución sen carácter lucrativo cuxos fins sexan afíns aos fins de Agadhemo.

Corresponde aos liquidadores:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Concluir operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar aos acredores.
- e) Aplicar os bens e patrimonio resultante da liquidación da Asociación a unha entidade declarada de utilidade pública e sen ánimo de lucro ou institucións cuxos fins sexan afíns aos fins de Agadhemo.

En caso de insolvencia da Asociación, o órgano de representación ou se é o caso, os liquidadores, han de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.

Artigo 42.-Ultimadas as operacións de liquidación, os liquidadores convocarán Asemblea Xeral Extraordinaria a fin de dar conta á mesma das xestións realizadas.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nos presentes Estatutos aplicárase a vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de Marzo reguladora do dereito de Asociación.

DILIXENCIA

Dona _____, Secretaria da Asociación a que se refiren estes Estatutos, CERTIFICA: que os presentes Estatutos por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de persoas asociadas de data 17 de marzo de 2024.

Na Coruña a __02 de abril de 2024

Asdo:

A Secretaria

O Presidente



ANEXO I
Modelo obrigatorio de representación

D./Dna. _____ maior de idade provisto de DNI _____
socio/a de número _____ da entidade asociativa AGADHEMO, con enderezo a efectos
de notificacións na Rúa _____ nº _____ piso _____ da localidade de
_____ provincia de _____, delega a súa representación para que asista
con voz e voto e exercite cantos dereitos me puideran corresponder na Asemblea que con
carácter ordinario ou extraordinario (táchese o que non proceda) celebrárase o día
_____ ás _____ h en primeira convocatoria e ás _____ h en segunda na
localidade de _____ a D./Dna. _____ maior de idade
provisto de DNI _____ socio/a de número _____ da entidade asociativa
AGADHEMO, con enderezo a efectos de notificacións na rúa _____ nº
_____ piso _____ da localidade de _____ provincia de _____

E para que así conste aos efectos oportunos e no cumprimento do artigo 19 dos vixentes
estatutos da Asociación Galega de Hemofilia.

Data e sinatura

Ado.- D./Dna. _____

Ado.- D./Dna. _____

Socio/a representado/a

Socio/a representante